

Normas de concordia a prol da saúde colectiva



Tratamos de atender, coas máximas garantías sanitarias, o seu dereito a visitar, consultar e desfrutar o patrimonio cultural que custodiamos, polo que agradecemos a súa colaboración e comprensión. Grazas!

HORARIO DE VISITAS

Martes a sábado:
Mañás de 11:00 a 14:00
Tardes de 17:00 a 20:00

Domingos e festivos:
Mañás de 11:00 a 14:00

Luns pechado

CITA PREVIA

A entrada, libre e gratuíta, precisa concertación previa:
tfno.: 982 594 572 / mail:
museodomar@museolugo.org

A reserva será individual ou para grupos (incluídos grupos con guía externo) cun máximo de 4 persoas. O aforo é limitado; cada sala ten asignado un aforo concreto que debe ser respectado e o tempo de permanencia non pode superar os 20 minutos.

MEDIDAS SANITARIAS E DE HIXIENE

Todos os espazos do Museo Provincial do Mar se limpan e desinfectan regularmente.

Faga uso dos dispensadores con solución hidroalcohólica. É obrigatorio o uso de máscaras.

As consignas e paraugueiros non están dipoñibles. Recoméndase portar bolsos ou mochilas de pequeno tamaño que deberán colgarse pola parte dianteira do corpo.

Non se permite tocar os obxectos expostos.

DISTANCIAMENTO DE SEGURIDADE

No percorrido manteña unha distancia de seguridade de 1,50 m. cos demais visitantes.

ITINERARIOS RECOMENDADOS

Siga os itinerarios indicados, circulando preferentemente pola dereita

e atendendo sempre as indicacións do persoal.

PERSOAS CON NECESIDADES ESPECIAIS

O Museo Provincial do Mar é accesible en todo o seu percorrido.

Permítese o acompañamento con can/cadela guía.

Calquera dúbida ou situación non prevista debe facerse constar no momento da concertación da visita para prever o tratamento axeitado.

INFORMACIÓN SOBRE CONTIDOS EXPOSITIVOS

Dispoñemos de códigos QR para facilitar o acceso á información de contidos de salas, coleccións e obras expostas.

USO DE ASEOS

Permitido, sen máis restricións que as de gardar

a distancia e a orde na fileira correspondente.

FIN DA VISITA PRESENCIAL

Ao saír utilice o recipiente predisposto para desbotar o material de protección.

VISITA VIRTUAL

Lembre que sempre pode visitar este museo virtualmente. Aquí sempre temos a porta aberta!



MOITAS GRAZAS!

Para calquera dúbida ou necesidade, consúltenos! Grazas por visitarnos!

+info: redemuseisticalugo.org